

RESOLUCIÓN DE 6 DE MAIO DE 2025 DO XERENTE DA FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, M.P., (FUNDACIÓN USC), POLA QUE SE DISPÓN A PUBLICACIÓN DO ACORDO DO COMITÉ EXECUTIVO RELATIVO Á APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E AS BASES REGULADORAS PARA A CONTRATACIÓN LABORAL DUN TÉCNICO DEPORTIVO OU TÉCNICA DEPORTIVA MULTIDISCIPLINAR POLA FUNDACIÓN USC, MEDIANTE CONTRATO LABORAL DE CARÁCTER INDEFINIDO.

O Comité Executivo da Fundación USC, en virtude da delegación de funcións efectuada polo Padroado da Fundación en sesión ordinaria de 16 de maio de 2022, ten atribuída a función de «aprobar as bases e convocatorias de contratación de persoal excepto as de carácter temporal e listas de agarda que son delegadas na Xerencia».

O Comité Executivo da Fundación USC, facendo uso da atribución delegada referida no apartado anterior, acordou con data de 5 de maio de 2025 convocar proceso selectivo, e aprobar as súas bases reguladoras, para a cobertura do seguinte posto de traballo: un/unha (1) «técnico deportivo ou técnica deportiva multidisciplinar», para a súa contratación laboral con carácter indefinido.

Compete ao Xerente da Fundación USC, ao abeiro do disposto no artigo 27 dos seus Estatutos, executar os acordos dos órganos da Fundación, e para tales efectos, dispónse pola presente resolución a publicación no portal de emprego da Fundación USC do devandito acordo de 5 de maio de 2025 do Comité Executivo polo que se aproba a convocatoria e as bases reguladoras para a contratación laboral de carácter indefinido dun técnico deportivo ou técnica deportiva multidisciplinar pola Fundación USC, e que se acompaña como Anexo.

Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación na páxina web da Fundación USC (www.fundacionusc.gal), na sección de emprego.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

Óscar Hermida Otero
Xerente da Fundación USC, M.P.